MUXÍA

Nunca máis organiza para a fin de semana teatro e música

■ A plataforma Nunca Máis de Muxía organiza para o Día das Letras Galegas, que este ano fai a homenaxe a Antón Avilés de Taramancos, un programa no que a música e o teatro serán, xunto coa literatura, os protagonistas.

O próximo sábado haberá un acto literario, ás sete da tarde no local da lonxa, coa participación de Henrique Rivadulla, Corcón; Xurxo Souto, Luisa Villata e Isidro Novo. Ás dez e media da noite, os que acudan ó malecón do porto tamén poderán disfrutar cun concerto no que participarán as pandereteiras Rueiro da Cancela, Liño do Cuco, Alberto Mundi e a Turba Angogalaica e Mercedes Peón. O encargado de presentar ós participantes será Corcón.

As actividades continuarán o domingo no instituto Ramón Caamaño. A partir das sete da tarde comezará no salón de actos do centro escolar a obra *Contos do vento acatarrado*, a cargo da compañía Monicreques de Kukas. Despois, o grupo de teatro de 5ºA do colexio Os Muíños representarán a obra *As pedriñas máxicas*. A entrada a tódolos actos organizados pola plataforma será gratuita.